

Entidade local beneficiaria	Número de equipamentos
Valga	3
Vila de Cruces	2
Vilaboa	2
Vilanova de Arousa	2

Segundo.-Notificarlles o contido desta resolución ás entidades locais beneficiarias, especificando as condicións particulares que deberán cumprir, e que se formalizarán mediante acta subscripta polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en quen delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario, segundo establece o artigo 96 bis do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da comunidade autónoma.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta orde, o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde. En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 31 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1 e Celga 4.

De acordo co previsto no artigo 7 da Orde do 16 de xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo, logo da proposta formulada pola Comisión Central de Avaliación, convócanse as probas para a obtención dos certificados de coñecemento de lingua galega Celga 1 e Celga 4:

1. Obxecto: convocar as probas para a obtención dos certificados acreditativos dos niveis de lingua galega Celga 1 e Celga 4.

2. Destinatarios: as persoas maiores de 16 anos ou que os cumpran antes de finais do ano 2007, nacionais ou estranxeiras, con DNI ou pasaporte vixente.

3. Prazo de inscrición:

Para Celga 1: ata o día 16 de novembro de 2007 (inclusive).

Para Celga 4: ata o día 28 de novembro de 2007 (inclusive).

4. Datas de realización das probas:

Celga 1: 1 de decembro de 2007 (sábado), ás 9.00 horas.

Celga 4: 15 de decembro de 2007 (sábado), ás 9.00 horas.

5. Lugares onde se van realizar as probas:

As probas realizaranse nas seguintes localidades: A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo. Os interesados e/ou interesadas deberán sinalar na solicitude de inscrición a localidade en que se van presentar.

Os lugares concretos en que se realizarán as probas indicaranse cando se fagan públicas as listas de admitidos.

6. Contía das taxas de exame: 15 euros, conforme o que establece para este ano a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Sistema de liquidación das taxas de exame: as persoas solicitantes presentarán, xunto coa solicitude, o xustificante do pagamento da taxa correspondente aos dereitos de exame. Código 30 44 00 inscrición nas probas homologadas para a acreditación do nivel de competencia en lingua galega e mais acreditación do nivel correspondente, de ser o caso, cando se superan as probas.

7.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na vixente Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe vixente no momento da publicación desta convocatoria e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes, utilizando para iso o impreso de autoliquidación.

Este impreso facilitaráselles ás persoas interesadas no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións provinciais e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia, e deberá cubrir cos seguintes códigos:

Consellería de: Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: código 04.

Delegación de servizos centrais: código 13.

Servizo: Secretaría Xeral de Política Lingüística: código 10.

Poderase facer efectivo, así mesmo, o pagamento da taxa pola internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á Oficina Tributaria, a través da oficina virtual na páxina web da Consellería de Economía e Facenda (www.economiaefacenda.org) e premer a ligazón «Taxas, prezos, multas e sancións» no menú da marxe esquerda. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa, que será o que se achegue xunto coa instancia. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación, en tempo e forma, da solicitude.

7.2. Estarán exentos do pagamento da taxa por dereito de inscrición as persoas que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada no momento de presentación da solicitude e para o que se achegará o orixinal ou copia cotexada da cualificación da minusvalidez.

Tamén estarán exentos do pagamento os membros das familias numerosas de carácter especial, e os pertencentes a familias numerosas de carácter xeral terán unha bonificación do 50%. Tanto un caso coma o outro será acreditado co título de familia numerosa.

7.3. O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo da solicitude correspondente, ás persoas aspirantes que figuren na lista de excluídos/as.

7.4. Non presentar o xustificante de pagamento, en que figurará o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa solicitante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

8. Inscrición para a realización das probas: poderase realizar mediante a presentación da solicitude que figura no anexo I desta convocatoria. Enviaranse á Secretaría Xeral de Política Lingüística (no sucesivo SXPL), se pretende presentarse ás probas en Santiago de Compostela ou nos gabinetes provinciais de Política Lingüística das provincias en que pretenda realizar as probas. Pódense presentar directamente no Rexistro Central da Xunta de Galicia, nos das súas delegacións provinciais ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Na web www.xunta.es/linguagalega/ figura un formulario que permite cubrir e editar a solicitude.

No caso de que a persoa aspirante padeza algunha discapacidade, expresará na solicitude o tipo desta e o apoio que precisará para a realización das probas.

9. Publicación da lista provisional de admitidos: a lista provisional de admitidos para cada un dos niveis e localidades publicarase na web www.xunta.es/linguagalega/ o día 22 de novembro de 2007, para o Celga I, e o 4 de decembro para o Celga 4.

10. Publicación da lista definitiva de admitidos: a lista definitiva de admitidos para cada un dos niveis e localidades publicarase na web www.xunta.es/linguagalega/ dous días antes da realización de cada unha das probas.

11. Publicación dos resultados das probas: os resultados das probas publicaranse na web www.xunta.es/linguagalega/, no prazo de dous meses desde a realización dos exames, figurará o DNI do interesado ou interesada e a cualificación de apto ou non apto, segundo proceda.

12. Procedementos de reclamación ou de revisión das probas.

12.1. No momento da realización das probas, os aspirantes poderán solicitar a aclaración das dúbidas que lles poidan xurdir en relación co exame e, de ser o caso, presentar ante o presidente da comisión a reclamación que considere oportuna. A comisión resolverá no prazo

de tres días e comunicarlle aos interesados e interesadas ao enderezo e polo medio que estes designasen para os efectos de notificacións.

12.2. Logo da publicación dos resultados os interesados poderán solicitar a revisión das probas, para o que poderán dirixirse á Comisión Central de Avaliación mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou correo electrónico ao seguinte enderezo: sxpl.formación@xunta.es. A comisión poderá citalo en Santiago de Compostela no día e hora que se lle asigne para proceder a unha revisión presencial do exame.

13. Desenvolvemento das probas: os interesados presentaranse 15 minutos antes da hora de entrada, no lugar e data para a realización das probas, provistos de DNI ou pasaporte e bolígrafo. Non se admitirá ningún tipo de material de apoio.

13.1. Probas para Celga 1: a proba escrita terá unha duración de 2.30 horas, das 9.00 ás 11.30 da mañá.

Ás 13.00 horas comezarán as probas orais e os aspirantes serán chamados por orde alfabética (a-z). A proba oral terá unha duración de 15 minutos, aproximadamente, e será realizada por dous técnicos avaliadores.

13.2. Probas para Celga 4: a proba escrita terá una duración de 3.00 horas, das 9.00 ás 12.00 da mañá.

Ás 13.00 horas comezarán as probas orais, os aspirantes serán chamados por orde alfabética (a-z). A proba oral terá unha duración de 20 minutos, aproximadamente, e será realizada por 2 técnicos avaliadores.

As probas orais serán gravadas para constancia, avaliación e revisión pola comisión avaliadora, se procede. Ao cabo de tres meses da realización das probas, destruíranse as gravacións, agás que exista algún tipo de reclamación pendente de resolver.

14. Expedición e rexistro dos certificados: a Secretaría Xeral de Política Lingüística expedirá os certificados ás persoas que superen as probas. Os certificados constarán nun rexistro oficial no cal figurarán o nome e apelidos, número de DNI ou pasaporte, lugar, data e resultados das probas e identificación alfanumérica dos certificados. A solicitude para participar nas probas comporta a autorización para o tratamento telemático dos citados datos para este fin.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, pódese interpor potestativamente recurso de reposición perante a secretaria xeral de Política Lingüística no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria, conforme os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2007.

María Sol López Martínez
Secretaria xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROCEDEMENTO PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA: NIVEIS CELGA 1 E CELGA 4, DECEMBRO 2007	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR114A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

SOLICITUDE

PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NOME <input type="text"/>	DNI <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>	
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

PROBAS ÁS QUE SOLICITA PRESENTARSE

TIPO	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	LUGO	OURENSE	VIGO
CELGA 1 (día 1 de decembro 2007)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
CELGA 4 (día 15 de decembro 2007)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

DOCUMENTACIÓN QUE TEN QUE PRESENTAR

<input type="checkbox"/> Solicitude. <input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame (15 euros). <input type="checkbox"/> Se padece algún tipo de minusvalidez, debe indicar o apoio que precisa para a realización das probas: <input type="text"/>
--

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

<p>PRAZO: Celga 1: ata o día 16 de novembro de 2007 (inclusive), Celga 4 : ata o 28 de novembro de 2007 (inclusive).</p> <p>LUGAR: nos gabinetes provinciais da Secretaría Xeral de Política Lingüística se se vai presentar a exame na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo e/ou na sede central da SXPL se se vai presentar a exame en Santiago de Compostela.</p> <p>* De presentala en rexistro: é conveniente que avance a solicitude ao fax do lugar elixido para realizar as probas.</p> <p>A CORUÑA: 981 185 681 SANTIAGO DE COMPOSTELA: 981 544 424 LUGO: 982 294 926 OURENSE: 988 226 090 PONTEVEDRA: 986 805 045 (para os que se presenten en Vigo).</p>

Nota: as persoas que se presenten ás probas deberán concorrer provistas de DNI/pasaporte e bolígrafo.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). DOG nº146, do 30 de xullo de 2007. - Resolución do 31 de outubro de 2007 pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celgas 1 e Celga 4.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA En <input type="text"/> , <input type="text"/>		